



ESTACIÓN DE MONTAÑA MANZANEDA

INFORMACIÓN XERAL:

DATOS XERAIS: Campamento de montaña, con aloxamento en apartamentos Queixa (distribución en liteiras), conta con comedor cuberto, piscina, pavillón polideportivo, ximnasio, spa balneario, rocódromo, cancha de tenis, campo de fútbol.

ACCESIBILIDADE: A instalación está adaptada para persoas con problemas de mobilidade.

ACCESOS:

- Desde Ourense á Estación 90 Km. Existen medios de transporte público desde Ourense a Pobra de Trives, e de Trives á Estación en Taxi. (15 Km.). Por estrada: pódese chegar desde A Pobra de Trives (C-536), a 16 km da estación, ou desde a Vila de Manzaneda, a 10 Km. Desde os dous lugares accédese por estrada local de montaña.
- En tren: a estación de Ourense está a 86 km de Manzaneda e a da Rúa a 40 Km.

ENDEREZO:

- Estación de Montaña Manzaneda -32780 A Pobra de Trives – Ourense
- **Contacto:** Empresa OCA NOVA MANZANEDA
- Tel: 988 309 090 Fax: 988 310 875
- Enderezo electrónico: manzaneda@manzaneda.com

QUENDAS, IDADES E ACTIVIDADES:

QUENDA	IDADES	DESCRIBIÓN ACTIVIDADES
05 a 12 de agosto Cód.: 320004	12 - 14 (Anos de nacemento 04-05-06)	DEPORTIVAS: <ul style="list-style-type: none"> • Natación (piscina cuberta e climatizada). • Tiro con arco • Escalada (rocódromo) • Xogos Populares • Bicicleta de montaña, BTT • Parque multiaventura • Béisbol • Orientación fotográfica • SOS.- Socorrismo en montaña • Sendeirismo • Karts • Equitación
12 a 19 de agosto Cód.: 320005	12 - 14 (Anos de nacemento 04-05-06)	
19 a 26 de agosto Cód.: 320006	9 - 11 (Anos de nacemento 07-08-09)	

Páxina web: www.manzaneda.com Nesta web poderán atopar toda a información-

Blog do campamento: <http://manzaneda15.blogspot.com.es/> Neste blog poderán atopar as fotos do campamento.

NORMAS XERAIS:

1. Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
2. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
3. Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao Campamento, as **tarxetas sanitarias orixinais**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do/a acampado/a.



4. Poderase contactar telefonicamente cos participantes no seguinte horario: de 14.30 h a 15,30 h. Os participantes poderán facelo antes e despois de cada comida.
5. **Ningún participante** poderá abandona-lo recinto do Campamento sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada de ser o caso**), debendo cubri-lo impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
6. Os medicamentos que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, débese comunicar ao persoal técnico da actividade.
7. Recoméndase que os rapaces/as, leven a súa roupa marcada coas súas iniciais.
8. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles.

Asemade, e tal e como xa se indicaba na Orde de convocatoria:

- A incorporación realizarase o día de inicio da quenda entre as **15:00 e as 17:00** horas no Campamento.
- O día de remate da quenda a saída dos participantes realizarase entre as **10:00 e as 12:00** horas na mesma instalación.

Dadas as circunstancias das actividades a realizar aconséllase levar:

- Útiles de aseo persoal (xabón, cepillo e pasta de dentes, desodorizante, crema de protección solar, etc.).
- Toallas.
- Niquis, camisetas.
- Viseira
- Roupa interior.
- Pixamas.
- Pantalóns curtos ou bermudas.
- Pantalóns de deporte, chándal, suadoiros, xerseis.
- Pantalón longo.
- Impermeable, mochila e cantimplora
- Chancletas para a ducha e a piscina.
- Bañador, gorro e toalla para a piscina
- Bolsa de plástico para a roupa sucia
- Libros de lectura.
- Calzado deportivo.
- Calcetíns.
- Prenda de abrigo.
- Unha camiseta branca de algodón para decorar (non fai falta que sexa nova).
- Respecto aos teléfonos móbiles, non se prohíbe o seu uso, pero a empresa organizadora non se fai responsable do seu uso ou extravío, sen prexuízo do banco de móbiles.
- Medicamentos en caso de tratamento (entregarllos ao/a monitor/a).
- Tarxeta sanitaria orixinal.
- Impreso de consentimento de realización de fotos e reportaxe audiovisuais debidamente cuberto.

NON é necesario: Roupa de cama, saco de durmir, comida ou bebida.

O horario tipo básico da quenda será o seguinte:

09,30.- Almorzo	10,00 a 13,00.- Actividades
13,30.- Xantar	16,00 a 17,30.- Actividades
17,30.- Merenda	18,00 a 19,30.- Actividades
20,30.- Cea	22,00 a 24,00.- Velada
24,00.- Deitarse	

O horario para recibir chamadas dos pais e nais é de 14,30 a 15,30 h. Neste tempo, os/as rapaces/zas dispoñen dos seus móbiles se os traen ou ben pódese chamar ao teléfono 988 30 90 90.

Esperamos que sexa do voso agrado o noso programa de actividades.